

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 23 DE OUTUBRO DE 2007

Sres. asistentes:

SR. ALCALDE – PRESIDENTE.-

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS (PP)

SRES. CONCELLEIROS PRESENTES.-

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)

DONA MARÍA ROSARIO MANSO LÓPEZ (PP)

DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ (PP)

DON FRANCISCO REY MALLO (PP)

DONA TANIA MARIA RUANOVO SUAREZ (PP)

DONA EVA MARIA VILARIÑO GONZALEZ (PP)

DON MANUEL MONTERO ANIDO (PSOE)

DONA EMMA GONZALEZ ALVAREZ (PSOE)

DON JOSE MARIA LAYA CARRIL (TEGA)

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ (ASI - MIÑO)

SRES. CONCELLEIROS AUSENTES.-

DONA ROSA MARIA MASEDA GONZALEZ (BNG)

DON JUAN MANUEL BECEIRO CABEZAL (PSOE)

SRA. SECRETARIA MUNICIPAL.-

ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ.

SRA. INTERVENTORA MUNICIPAL.-

MARTA ROCA NAVEIRA.

No Local habilitado para Salón de Plenos no Local Social da Rúa de Miño ás catorce horas e dez minutos do día 23 de outubro de 2007, reúnense os Sres. concelleiros que se acaban de citar, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria do Pleno municipal segundo a seguinte orde do día:

1º.- RECTIFICACION DE ERROS NO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 02/2007.

Dáse conta do ditame da Comisión Especial de Contas e Facenda de data 19 de outubro de 2007, no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía relativa á rectificación de erros no expediente de suplemento de crédito 02/2007, na que se establece:

ASUNTO.- RECTIFICACION DE ERROS NO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CREDITO 02/07.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal de 30/05/07 no que se advirte dun erro aritmético no expediente de suplemento de crédito 02/07 aprobado polo Pleno en sesión celebrada o 23/04/07.

Visto o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

E considerando que efectivamente se trata dun erro que se evidencia directamente, ó deducirse, con toda certeza, do propio texto sen necesidade de hipóteses, deducións ou interpretacións.

Esta Alcaldía eleva ó Concello –Pleno a seguinte **proposta de acordo**:

1º A aprobación da rectificación do erro do expediente de suplemento de crédito 02/07 de modo que onde di “911/489.00” debe dicir “911/466.00”.

2º Dar traslado de copia do acordo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma na medida en que o expediente foi remitido a ámbalas dúas Administracións ó abeiro do esixido na normativa vixente.”

Unha vez lida a proposta de alcaldía pola interventora municipal procedese a explicar o expediente.

Sometida a proposta de acordo formulada pola alcaldía obtense o seguinte resultado: 12 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de acordo da alcaldía relativa á rectificación de erros no expediente de suplemento de crédito 02/2007 , por unanimidade dos concelleiros presentes.”

A continuación na sesión plenaria preguntase ós concelleiros presentes se queren realizar algunha intervención, e manifestando que non se somete a votación o ditame, co seguinte resultado: 11 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda aprobada no pleno municipal a proposta de acordo formulada pola Alcaldía relativa á rectificación de erros no expediente de suplemento de crédito 02/2007, por unanimidade dos presentes.

2º.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZA FISCAIS. ACTUALIZACIÓN DO IPC INTERANUAL (AGOSTO/06 – AGOSTO/07).

Dáse conta do ditame da Comisión Especial de Contas e Facenda de data 19 de outubro de 2007, no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía relativa á modificación das ordenanzas fiscais, consistente na actualización das mesmas co IPC interanual, na que se establece:

ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE ORDENANZAS FISCAIS (ACTUALIZACION IPC).

Iniciado o expediente de modificación de ordenanzas fiscais formado por: providencia de inicio do expediente e informe de intervención, dáse traslado do mesmo ó Concello-Pleno, para que previo dictame da Comisión de Contas e Facenda, **a adopción dos seguintes acordos:**

Primeiro: Aprobar provisionalmente as modificacións das ordenanzas fiscais, nº 4 reguladora da taxas polo servizo de recollida de lixo, nº 5 reguladora da taxa por alcantarillado, ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa por licencias de autotaxi e demais vehículos de aluguer, ordenanza fiscal nº 8 reguladora do prezo público por ocupación do solo, subsolo e voo da vía pública, ordenanza fiscal nº 9 reguladora da taxa polo subministro de auga, ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, escombros, valados e outras instalacións análogas,ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa polo servizo de axuda a domicilio, ordenanza fiscal nº 16 reguladora do prezo público por utilización do polideportivo municipal e ordenanza fiscal nº 19 reguladora do prezo público por prestación do servizo de protección civil.

Segundo: A modificación entraría en vigor o 1 de xaneiro do 2008, e manteríase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Terceiro. Expoñer ó público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como os textos completos das ordenanzas fiscais modificadas durante o prazo de trinta días hábiles , contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o periodo de exposición pública da ordenanza, os que teñan interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, poderán examina-lo expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o periodo de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos provisionais quedarán definitivamente aprobados.

Cuarto: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que unha vez transcorrido o periodo de exposición pública procede adoptar, así como os textos das ordenanzas fiscais modificados.

Únese como anexo o texto dos artigos modificados de cada unha das ordenanzas.

ANEXO

ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO

Artigo 6º .- Cota tributaria.

<u>Concepto</u>	<u>Cuota euros.</u>
A) Viviendas unifamiliares	
Viviendas , en Miño:	50,18
Viviendas, en el resto de las parroquias	35,85
B) Alojamientos	
Hoteles, moteles, hoteles-apartamentos, de cinco y cuatro estrellas:	802,88
Hoteles, moteles, hoteles-apartamentos y hostales de tres y dos estrellas:	688,15
Hoteles, moteles, hoteles-apartamentos y hostales de una estrella.	215,05
Pensiones y casas de hospedaje, centros hospitalarios, colegios y demás centros de naturaleza análoga:	215,05
Campings, por cada parcela	10,75
C) Establecimientos de alimentación	
Supermercados, economatos y cooperativas, en la parroquia de Miño:	215,05
Supermercados, economatos y cooperativas, en otras parroquias:	143,37
Pescaderías, carnicerías y similares, en la parroquia de Miño:	107,50
Pescaderías, carnicerías y similares, en otras parroquias:	71,67
D) Establecimientos de restauración	
Restaurantes, cafeterías, whisquerías, pubs, bares y tabernas, en la parroquia de Miño:	172,03
Restaurantes, cafeterías, whisquerías, pubs, bares y tabernas, en otras parroquias:	129,03
E) Establecimientos de espectáculos	
Cines e teatros:	172,03
Salas de fiestas, discotecas, salas de bingo:	573,49

F) Otros locales industriales o mercantiles	
Centros oficiales:	129,03
	143,37
Oficinas bancarias	
Hipermercados y grandes almacenes	258,08
Talleres, instalaciones industriales, ferreterías e otros comercios:	100,36
G) Despachos profesionales	
Por cada despacho:	57,34
H) Instalaciones sanitarias y otras:	
Consultorio médico y análogos:	57,34
Farmacias:	129,03
Centros hospitalarios:	344,07
I) Otros locales no expresamente tarifados	
Otros locales en la parroquia de Miño:	57,34
Otros locales en otras parroquias:	50,18

ORDENANZA FISCAL Nº 5, REGULADORA DA TAXA POR ALCANTARILLADO, ASI COMO DE TRATAMENTO E DEPURACION DE AUGAS RESIDUALES INCLUIDA A VIXIANCIA ESPECIAL DAS ALCANTARILLAS PARTICULARES.

Artigo 5º.- Cota tributaria.

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de alcantarillado esixirase por unha sola vez e consistirá nunha cantidade fixa de 53,85 € pola primeira vivenda ou local e de 26,98 € por cada unha das demais do edificio.

ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACION DO SOLO, SUBSOLO E VOO DA VIA PUBLICA.

Artigo 5º.- Cota tributaria.

1. A cota tributaria consistirá na cantidade resultante de aplica-las seguintes tarifas:

Tarifa primeira: Roscas de ás, transformadores, caixas de amarre, distribución e de rexistro, cables, tubos e outros análogos.

1. Roscas de ás ou raís para o sostén de cables. Por unidade, ó semestre.....0,10 €
2. Transformadores colocados en quioscos. Por cada m2 ou fracción, ó semestre.....8,99 €
3. Caixas de amarre, distribución e de rexistro. Cad unha, ó semestre.....6,75 €
4. Cables de traballo colocados na vía pública ou terreos de uso público. Por metro lineal ou fracción, ó semestre.....0,10 €

5. Cables de alimentación de enerxía eléctrica, colocados na vía pública ou terreos de uso público. Por metro lineal ou fracción, ó semestre.....0,10 €
6. Cables de conducción eléctrica, subterránea ou aérea. Por cada metro lineal ou fracción.,ó semestre.....0,10 €
7. Conducción telefónica aérea, apegada ou non á fachada. Por cada metro lineal ou fracción de tubo, ó semestre.....0,10 €
8. Conducción telefónica subterránea. Por cada metro lineal ou fracción de canalización, ó semestre.....0,10 €
9. Ocupación do subsolo, solo ou voo da vía pública ou terreos de uso público con cables non especificados noutros epígrafes. Por cada metro lineal ou fracción, ó semestre.....0,10 €
10. Ocupación da vía pública con tubos para a conducción de auga ou gas. Por cada metro lineal ou fracción, ó semestre.....0,10 €
11. Ocupación da vía pública con tubos para a conducción de calquera clase. Cando o ancho non exceda de 50 cm. Por cada metro lineal ou fracción ó semestre.....0,10 €
Cando exceda de dita anchura pagarase por cada 50 centímetros de exceso e por metro lineal, ó semestre.....0,28 €

Tarifa segunda. Postes.

1. Postes con diámetro superior a 50 centímetros. Por cada poste ó semestre:
 - Nas rúas de 1ª categoría.....0,28 €
 - Nas rúas de 2ª categoría.....0,28 €
2. Postes con diámetro inferior a 50 centímetro e superior a 10 centímetros. Por cada poste ó semestre:
 - Nas rúas de 1ª categoría.....0,21 €
 - Nas rúas de 2ª categoría.....0,21 €
3. Postes con diámetro inferior a 10 centímetros. Por cada poste ó semestre:
 - Nas rúas de 1ª categoría.....0,10 €
 - Nas rúas de 2ª categoría.....0,10 €

Tarifa terceira. Básculas, aparatos ou máquinas automáticas.

1. Por cada báscula, ó semestre.....22,43 €
2. Cabinas fotográficas e máquinas de xerocopias. Por cada unha, ó semestre.....16,80 €
3. Aparatos ou máquinas de venda de expedición automática de calquera produto ou servicio, non especificadas noutros epígrafes. Por unidade ó semestre.....16,80 €

Tarifa cuarta. Apatratos surtidores de gasolina e análogos.

1. Ocupación da vía pública ou terreos municipais con aparatos surtidores de gasolina. Por cad metro cuadrado ou fracción , ó semestre.....8,99 €
2. Ocupación do subsolo da vía pública con depósitos de gasolina. Por cada metro cuadrado ou fracción, ó semestre.....5,62 €

Tarifa quinta. Reserva especial da vía pública.

1. Reserva especial da vía pública ou terreos de uso público para as prácticas das denominadas autoescolas ou similares:

-Polos primeiros 50 metros cadrados ou fracción , ó mes:

Nas	rúas	de	1ª	e	2ª
Categoría.....					

8,99 €

-Por cad metro de exceso, ó mes:

Nas	rúas	de	1ª	e	2ª
categoría.....					

0,28 €

Tarifa sexta. Guindastres.

Por cada metro de guindastre utilizado na construción cun brazo ou pluma que ocupe co seu percorrido a vía pública, ó semestre.....0,21 €

A contía que corresponde abonar polo guindastre, pola ocupación do voo, é compatible coa que , no seu caso, proceda por tela súa base ou apoio na vía pública.

O aboo desta taxa non exime da obriga de obter a autorización municipal de instalación.

Tarifa sétima. Outras instalacións distintas das incluídas nas tarifas anteriores.

1. Subsolo: por cada metro cadrado de subsolo relamente ocupado, medidas as súas dimensións con anchura de muros de contención, soleiras ou lousas, ó semestre.....11,24 €

2. Solo: por cada metro cadrado ou fracción ó semestre.....0,10 €

Voo: por cada metro cadrado ou fracción, medido en proxección horizontal, ó semestre.....0,10 €

ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DA TAXA POR SUMINISTRACIÓN DE AUGA A DOMICILIO.

Artigo 3º.- Contía.

Epígrafe 1º.- Consumos.

- A) Abonados domésticos.

-Mínimo de 30 m³/trimestre.....0,38393718 €/m³

-De 30 a 60 m³/trimestre.....0,42823822€/m³

-Mais de 60 m³/trimestre.....0,50945640 €/m³

- B) Abonados comerciais, industriais e obras.

-Mínimo de 60 m³/trimestre.....0,38393718 €/m³

-De 60 a 105 m³/trimestre.....0,42823822€/m³

-Mais de 105 m³/trimestre.....0,50945640 €/m³

Epígrafe 2º.- Dereitos de enganche.

Pola autorización de enganche á rede xeral de distribución de auga, por cada vivenda ou local comercial 53,60 €.

ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACION DE TERRREOS DE USO PUBLICO CON MERCADORIAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCION, ESCOMBROS , VALADOS E OUTRAS INSTALACIONES ANALOGAS.

Artigo 4º.- Contía.

1.A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a que se fixa nas tarifas que de seguido se relacionan.

Epígrafe primeiro.- Ocupación de vía pública con mercadorías.

1. Ocupación ou reserva especial da vía pública ou terreos de uso público que fagan os industriais con produtos ou materiais da súa industria ou comercio, por mes e metro cadrado.....3,35 €
2. Ocupación ou reserva da vía pública de modo transitorio, polo tempo dun mes e metro cadrado.....2,20 €

Epígrafe segundo.- ocupación de vía pública con materiais de construción.

Ocupación da vía pública ou terreos de uso público con escombros , materiais de construción, colectores metálicos paraa recollida de depósitos dos mesmos, e aproveitamentos similares.

- Nas rúas de primeira categoría, polo tempo dun mes e metro cadrado.....2,20 €
- Nas rúas de segunda categoría polo tempo dun mes e metro cadrado.....1,69 €

Epígrafe terceiro.- Valdós, puntais, andamios, etc.

1. Ocupación de vía pública ou terreos de uso público con valados, caixóns de cerramento, sexan par aobras ou non, e outras instalacións análogas.
 - Nas rúas de primeira categoría, polo tempo dun mes e metro cadrado.....2,20 €
 - Na rúas de segunda categoría, polo tempo dun mes e metro cadrado.....1,69 €
3. Ocupación de vía pública ou terreos de uso público con puntais, andamios e outros elementos análogos.
 - Nas rúas de primeira categoría, polo tempo dun mes e metro cadrado.....2,80 €
 - Nas rúas de segunda categoría, polo tempo dun mes e metro cadrado.....2,20 €

ORDENANZA FISCAL Nº 16 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACION DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL.

Artigo 4.- As tarifas do prezo público pola utilización das instalacións do pavillón polideportivo son as seguintes:

1. Para actividades deportivas.

- a) Entrenamentos e utilización por particulares veciños do concello.....6,75 €
- b) Entrenamentos e utilización por particulares que non sexan veciños do concello.....10,14 €
- c) Competicións sen entrada libre.....20,25 €

2. Espectáculos deportivos especiais e culturais alleos ó concello:

- a) Con entrada libre.....20,25 €
- b) Sin entrada libre.....33,75 €
- c) Actividades non deportivas.....337,85 €

**ORDENANZA FISCAL Nº14 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACION DO
SERVICIO DE AXUDA A DOMICILIO.**

Artigo 6º.- Base imponible e cota tributaria.

2.A contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes, atendendo ós ingresos económicos da unidade familiar, entendendo por ésta tódalas personas que conviven no domicilio, e calculando a renda per cápita. A base do baremo será o salario mínimo interprofesional.

Tarifa 1: Por prestación do servico de axuda a domicilio os días laborables.

- 1.1 Para unha RPC inferior ó 60% do SMI.....0 €/hora
- 1.2 Para unha RPC igual ó 60% do SMI, aportase o 25%.....1,43 €/hora
- 1.3 Para unha RPC entre o 60% e100% do SMI, aportase o 50%.....2,80 €/ hora
- 1.4 Para unha RPC entre o 100% e130% do SMI aportase o 75%.....4,24 €/hora
- 1.5 Para unha RPC superior ó 130% do SMI aportase o 100%.....5,62 €/hora

Tarifa 2: Tarifas por servicos prestados os fins de semana e festivos.

- 1. RPC inferior ó 60% do SMI. Bonificación do 100%.....0 €/hora
- 2. RPC igual ó 60% do SMI. Bonificación do 75%.....3,53 €/hora
- 3. RPC entre o 60% e100% do SMI. Bonificación do 50%.....7,05 €/hora
- 4. RPC entre o 100% e 130% do SMI. Bonificación do 25%.....10,58 €/hora
- 5. RPC superior ó 130% do SMI. Bonificación do 0%.....14,05 €/hora

**ORDENANZA FISCAL Nº 19 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACION DOS
SERVICIOS EXTRAORDINARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL.**

Epígrafe 1º: Personal.

- Por cada peón especialista, por hora e fracción.....7,32 €
- Por cada capataz de grupo, por hora e fracción.....7,87 €
- Outro personal municipal adscrito circunstancialmente á prestación do servico, por hora e fracción e por cada persona que interveña....13,52 €

Epígrafe 2º.Material.

- Por cada vehículo motocicleta ou ciclomotor, por hora e fracción.....13,52 €
- Por cada vehículo de turismo, furgón, furgoneta ou similar, por hora e fracción.....33,77 €
- Por cada vehículo autotanque, camión, vehículo con equipo de rescate, excarceracions, limpeza de calzada, por cada hora ou fracción... 67,55 €
- Por utilización de equipos especiais autónomos (bombas de achique, equipos de iluminación, motoserras ou similares) por hora e fracción.....13,52 €

Epígrafe 3º. Desprazamentos.

- Vehiculos a motor de duas rodas, 0,12 € por kilómetro contados dende a súa saída de base ata o regreso.
- Vehículos turismo, furgóns, furgonetas, camións ou similares, 0,25 e por kilómetro contados dende a súa saída de base ata o seu regreso.”

Unha vez lida a proposta de alcaldía pola interventora municipal procedese a explicar o expediente.

Sometida a proposta de acordo formulada pola alcaldía obtense o seguinte resultado: 12 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de acordo da alcaldía relativa á modificación das ordenanzas fiscais, consistente na actualización das mesmas co IPC interanual, por unanimidade dos concelleiros presentes.”

A continuación na sesión plenaria preguntase ós concelleiros presentes se queren realizar algunha intervención, e manifestando que non se somete a votación o ditame, co seguinte resultado: 11 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Quedan aprobadas no pleno municipal as propostas de acordo formuladas pola Alcaldía relativas á modificación das **ordenanzas fiscais nº 4** (Reguladora da Taxa por recollida de Lixo, **nº 5** (Reguladora da Taxa por sumidoiros, así como de tratamento e depuración de augas residuais incluída a vixilancia especial dos sumidoiros particulares), **nº 8** (Reguladora da taxa polo ocupación do solo, subsolo e voo da vía pública), **nº 9** (Reguladora da taxa por subministración de auga a domicilio), **nº 10** (Reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, escombros, valados e outras instalacións análogas), **nº 16** (Reguladora do prezo público por utilización do polideportivo municipal), **nº 14** (Reguladora da taxa por prestación do servizo de axuda a domicilio), **nº 19** (Reguladora da taxa por prestación dos servizos extraordinarios de protección civil), consistente na actualización das mesmas co IPC interanual,por unanimidade dos presentes.

3º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DA PARCELA SITA NO LUGAR DE NANDE – BAÑOBRE (MIÑO).

Dáse conta do ditame da Comisión de Asuntos Xerais de data 19 de outubro de 2007, na que se establece:

“Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación definitiva do estudo de detalle da parcela sita no lugar de Nande, Bañobre (Miño), promovido pola entidade mercantil GRUPO SOL MIÑO S.L.

Sometida a aprobación definitiva do estudo de detalle a votación obtense o seguinte resultado:12 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda ditaminada favorablemente a aprobación definitiva do estudo de detalle da parcela sita no lugar de Nande, Bañobre (Miño), promovido pola entidade mercantil GRUPO SOL MIÑO S.L., por unanimidade dos presentes.”

A continuación dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

“Visto o expediente tramitado para a aprobación definitiva do Estudo de Detalle sito no Lugar de Nande - Bañobre, promovido pola Entidade Mercantil GRUPO SOL MIÑO S.L.

Visto que o precitado estudo de detalle foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 28 de xuño de 2007, e sometido a información pública polo prazo de 20 días, mediante anuncio no DOGA (nº 140, 19 – 07- 2007), e no xornal “El Ideal Gallego” (18 de xullo de 2007), sen que no expediente conste a presentación de reclamación ningunha.

Visto que o expediente consta dos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables.

Esta alcaldía **propón ó pleno municipal a adopción do seguinte acordo:**

1º.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle sito no Lugar de Nande - Bañobre, promovido pola Entidade Mercantil GRUPO SOL MIÑO S.L.

2º.- Remitir á Consellería de política Territorial, Obras Públicas e Transporte unha copia dilixenciada de dous exemplares do estudo de detalle definitivamente aprobado, con todos os planos e documentos integrantes do mesmo.

3º.- Prodecer a publicación do acordo de aprobación definitiva do estudo de detalle.

4º.- Notificar a presente resolución a cantos aparezan como interesados no expediente.”

A continuación na sesión plenaria preguntase ós concelleiros presentes se queren realizar algunha intervención, e manifestando que non se somete a votación a proposta de acordo formulada pola alcaldía , co seguinte resultado: 11 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda aprobada no pleno municipal a proposta de acordo formulada pola Alcaldía relativas á aprobación definitiva do estudo de detalla da parcela sita no Lugar de Nande – Bañobre (Miño), por unanimidade dos presentes.

Non habendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde da por finalizada a sesión sendo as catorce horas e vinte minutos, de todo o cal como Secretaria dou fe.

O Alcalde - Presidente

A Secretaria.